

PROTOCOLOS DE USO DE COMEDOR

Xacobeo 2021

XUNTA
DE GALICIA



Plan de **prevención**
da **transmisión** da
COVID-19
nos centros educativos

DOCUMENTACIÓN

Plan de **prevención**
da transmisión da
COVID-19
nos centros educativos



PROTOCOLO ESPECÍFICO DE USO DO SERVIZO DE COMEDOR

Plan de **prevención
da transmisión da
COVID-19**
nos centros educativos



PROTOCOLO ESPECÍFICO DE USO DO SERVIZO DE COMEDOR ESPECIAIS

Páxina 5	1. PROTOCOLO ESPECÍFICO DE USO DO SERVIZO DE COMEDOR
Páxina 9	2. CASO ESPECIAL: CENTRO AFECTADO POR PECHE DE CAFETERÍA
Páxina 11	3. BIBLIOGRAFÍA COMPLEMENTARIA



1. PROTOCOLO ESPECÍFICO DE USO DO SERVIZO DE COMEDOR

As normas que aplican aos comedores escolares van dirixidas a todos, con independencia de se a xestión é directa ou indirecta e quen preste o servizo.

O funcionamento do servizo de comedor escolar contará con instrucións específicas de acordo aos criterios que a autoridade sanitaria determine en cada momento.

A capacidade dos comedores quedará limitada da seguinte maneira:

- O alumnado debe quedar separado, con carácter xeral, por 1,5 m. de distancia sentados en oblicuo, sen poder estar encarados nunca salvo que haxa instaladas mamparas.
- En ensino Infantil e Primaria, os alumnos e alumnas que formen grupos colaborativos ou grupos estables de convivencia poden comer agrupados respectivamente sen manter a distancia de seguridade, iso si, separando os grupos entre si non menos de 1,5 m. Non obstante, sería recomendable dentro do posible manter os alumnos e alumnas dentro dun grupo de convivencia estable separados por grupos colaborativos. Debe garantirse a estanquidade dos grupos.
- Utilizaranse mamparas de separación tanto entre o propio alumnado de forma individual ou entre grupos de convivencia estable, en función do caso, se non se puidese manter a distancia de seguridade establecida. As mamparas ou outro tipo de separacións serán polo menos de 0,60 cm de altura, colocadas directamente sobre o mesado, separando aos/as alumnos/as encarados ou acaroados.

En calquera caso a todo o alumnado **se lles asignará postos fixos todo o ano**. Será necesario o rexistro dos lugares que ocupan cada un dos/as nenos/as, co obxectivo de facilitar a localización dos contactos en caso de gromos.

Tentaranse adoptar as seguintes medidas nos comedores, por orde de prioridade ou combinadas:

1. **Para as entradas e saídas do centro ou para o inicio do servizo de comedor poderase flexibilizar o horario dentro da última hora lectiva.** O equipo directivo determinará a saída por colectivos con distancias horarias, sempre que sexa posible. Así, aumentarase o número de quendas para reducir o aforo do comedor en cada momento da comida. As quendas estableceranse en función da capacidade horaria do transporte escolar, e do persoal dispoñible para atender aos comensais que será o adecuado á ratio dos comensais de cada quenda.
2. Utilizar espazos próximos ao comedor e habilitalos con mobiliario do que dispoñan os centros, para **aumentar a superficie dos comedores**, de xeito que se cumpra a distancia, con carácter xeral, de 1,5 m.
3. Na medida do posible, o alumnado sentará no comedor **agrupado por aulas**, de xeito que se manteña a continuidade do grupo de pertenza, sen prexuízo do establecido para os grupos colaborativos.
4. O persoal utilizará en todo momento a **máscara de protección** con independencia do mantemento da distancia de seguridade. Seralle de aplicación todo o previsto con carácter xeral para o persoal de centros educativos. Para tal fin deberá realizar o cuestionario de Autoavaliación COVID-19 antes da incorporación á súa quenda de traballo e proceder de acordo coas instrucións xerais para centros educativos. Así non poderá acudir a traballar ao comedor se presenta síntomas compatibles coa COVID-19.
5. **Salvo no momento de comer ou beber, o alumnado debe levar posta a máscara.** Así, por exemplo, no caso de existir varios pratos secuenciais, recomendase o uso de máscara no período entre ambos.
6. **Non haberá variación e os menús** serán os utilizados habitualmente segundo a tempada e de acordo cos informes de intolerancias e dietas especiais que o alumnado poida seguir. **Cando sexa posible os menús serán empratados en cociña e servidos en bandexa.**

7. **Os pratos serán individuais** e non poderán ser compartidos entre o alumnado. A auga poderá servirse nunha soa xarra, pero deberá **servila sempre unha mesma persoa**. Non se poñerán na mesa utensilios de uso común, como aceiteiras e vinagreiras, cestos de pan para a mesa, etc.
8. Nos centros nos que se sirva a comida mediante unha **liña de autoservizo**, o alumnado deberá manter nesta, de forma xenérica, a **distancia de seguridade de 1,5 m** entre eles.
9. O Equipo Covid do centro disporá dun **plano de situación no que constarán os postos fixos asignados a cada alumno/a** para garantir o control e seguimento epidemiolóxico. Levarase control diario da asistencia do alumnado ao comedor co mesmo fin.
10. **Recolleranse os distintos grupos de convivencia estable na porta da aula e serán acompañados ao comedor**, utilizando máscara polos corredores e mantendo o distanciamento entre os grupos.
11. **Antes e despois de acceder ao comedor**, o alumnado, mantendo o grupo de convivencia estable, deberá ir ao baño do andar que lle corresponda para realizar a hixiene de mans. Os centros garantirán a existencia de xabón e papel para secar as mans nos aseos, así como dispensadores de xel hidroalcohólico á entrada e saída dos comedores.
12. Será obriga do alumnado levar, como mínimo, unha segunda máscara de recambio, así como un estoxo específico **para gardala en caso necesario**, como por exemplo no comedor, mentres se está a comer.
13. Queda **eliminada a opción de cepillado dos dentes**, que deberá adiarse á chegada ao fogar ou residencia.
14. Será necesario **ventilar o comedor tras cada quenda** un mínimo de 15 minutos.
15. Cando remate a comida, o alumnado **sairá por orde segundo están sentados** nas cadeiras e agruparanse nos patios dos recreos, ou outros espazos habilitados para este feito, ata que os familiares os recollan por grupos de convivencia estable ou grupos previos establecidos para tal fin, ou ata o inicio da actividade lectiva de tarde, nos casos de horario partido. Unha vez sexan recollidos polas familias, deberán abandonar o recinto escolar.

16. Seguiranse a respectar as ratios de alumnos/as que correspondan por cada coidador/a (persoal colaborador do comedor) en cada quenda. **Cada unha das quendas terá asignado persoal colaborador** que será sempre o mesmo, non podendo alternarse con outras quendas (sempre que fose posible).
17. O persoal de cociña ten a obriga de **lavar e desinfectar todo o enxoval, e electrodomésticos e utensilios que se utilicen no proceso de elaboración dos menús**. Usará de forma obrigatoria máscara e luvas en todo momento e manterá a distancia física de seguridade establecida.
18. No caso de **detección de síntomas compatibles coa COVID-19** nun usuario durante o servizo de comedor, informárase á dirección do centro e ao Equipo Covid e contactarase coa súa familia que deberá presentarse no servizo o antes posible. Illarase ao menor no espazo destinado polo centro para tal fin, que deberá ser coñecido polos responsables e persoal do comedor independentemente do réxime de xestión.
19. Nos **protocolos de hixiene e limpeza** seguirase o previsto con carácter xeral para os establecementos de hostalaría e restauración.

https://www.turismo.gal/galiciadestinoseguro/informacion?langId=es_ES



2. CASO ESPECIAL: CENTRO AFECTADO POR PECHERÍA DE CAFETERÍA

O protocolo que hai que aplicar no caso dos centros que dispoñan de cafetería será **o que en cada momento este vixente para os establecementos de hostalería**, incidindo en que o uso da máscara é obrigatorio, agás no momento da alimentación.

Publicouse a Resolución do 5 de febreiro de 2021, da Secretaría Xeral Técnica pola que *se ditan instrucións para a habilitación de espazos provisionais nos centros de ensino con cafetería afectada polo peche do seu interior ao consumo por parte do alumnado*.

Tendo en conta que xa se ditaron normas en máis dunha ocasión que manteñen o peche dos locais de hostalería e iso inclúe os dos centros educativos, esta Resolución busca **arbitrar unha solución provisoria** para a situación daqueles centros tales como os IES e CIFP, nos que é posible que o **alumnado teña sesións lectivas de mañá e de tarde o mesmo día**, con imposibilidade de volta ao seu domicilio para xantar.

Así, permítelles a estes centros de ensino (no que se dea a casuística mencionada) habilitar un espazo suficientemente amplo e con axeitada ventilación natural para o consumo de alimentos por parte do alumnado, de xeito que este poida gardar unha distancia de, cando menos, 1,5m entre si.



As características que estes espazos deben cumprir son as seguintes:

- Debe estar dispoñible para o seu uso **cando menos** os días de meteoroloxía adversa.
- Contará coa indicación expresa do aforo máximo e os lugares que pode ocupar o alumnado. Deixarase **registro do lugar que ocupan as persoas usuarias** para efectos de permitir a identificación de posibles contactos estreitos, de ser o caso. Polo tanto cada alumna/o debe ocupar sempre o mesmo sitio.
- Tense que ventilar cando menos 15 minutos antes do seu uso como comedor e outros 15 minutos ao remate deste.
- Na medida do posible debe estar situado preferentemente preto de aseos con lavamans e sempre debe contar con solución hidroalcohólica dispoñible.
- Será axeitadamente hixienizado antes e despois do seu uso de acordo coas pautas establecidas para a hostalaría e restauración con carácter xeral.

Pola súa parte o alumnado debe cumprir as seguintes obrigas:

- Non está permitida a formación de grupos.
- O consumo de alimentos debe ser individual e mantendo a distancia de seguridade.
- O uso da máscara é obrigatorio salvo no momento efectivo de inxerir alimento.
- O alumnado usuario deberá responsabilizarse de contar cunha máscara de reposto.

Dentro da autonomía que ten cada centro educativo, poderán implementar as condicións que estimen oportunas, tales coma a sinatura de declaracións responsables por parte do alumnado ou as súas familias.

Do mesmo xeito o centro educativo determinará as medidas de organización interna que permitan prestar a atención e garda do alumnado usuario destes espazos.

3. BIBLIOGRAFÍA COMPLEMENTARIA

- Documento [Protocolo de adaptación ao contexto da covid-19 nos centros de ensino non universitario de Galicia para o curso 2020-2021](#), versión 04-11-2020, Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Educación e Universidade, Consellería de Sanidade.
- Documento [PROTOCOLO DE PREVENCIÓN DA TRANSMISIÓN DA COVID-19 NOS COMEDORES DOS CENTROS EDUCATIVOS](#) versión 16 de setembro de 2020, Consellería de Cultura Educación e Universidade, Consellería de Sanidade.
- Documento [Medidas de Prevención, Higiene y promoción de la Salud frente a COVID-19 para centros educativos en el curso 2020-2021](#) Ministerio Sanidad, 08 de febreiro de 2021.
- Documento Técnico [Guía de actuación ante la aparición de casos de COVID-19 en centros educativos](#) , Ministerio de Sanidad, versión do 26 de febreiro de 2021.
- Documento [MEDIDAS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL](#), de 18 de decembro de 2020, Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Educación e Universidade, Consellería de Sanidade.
- Documento [AUTOAVALIACIÓN COVID-19](#), Xunta de Galicia, Consellería de Sanidade.
- [Resolución do 5 de febreiro de 2021, da Secretaría Xeral Técnica pola que se ditan instrucións para a habilitación de espazos provisionais nos centros de ensino con cafetería afectada polo peche do seu interior ao consumo por parte do alumnado](#), Xunta de Galicia, 5 de febreiro de 2021.



XUNTA
DE GALICIA